



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación, sendo esta a media das tres avaliacións.
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante a superación das avaliacións non superadas. Na parte práctica da materia, deben realizar as actividades con nota ≤ 4 para a súa recuperación. Na parte teórica, non superada, deberán realizar un exame dos coñecementos básicos da parte suspensa. Unha vez realizado o proceso de cualificación farase de novo a media ponderada da avaliación. Ademais realizarase a media das tres avaliacións para obter a media da nota da avaliación ordinaria.
- O alumnado con cualificación igual a 5 ou superior poderá mellorar esta nota realizando actividades de reforzo con posibilidade de aumentar a media da nota da avaliación ordinaria ata 1 pto. Estas actividades basearanse en contidos non tratados en profundidade durante o curso.